



RESOLUCIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2018 DA VICERREITORÍA DE POLÍTICA CIENTÍFICA,
INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA RELATIVA Á CATEGORÍA
NO CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN DO PDI DA UDC EN SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS OU
DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Esta Vicerreitoría, atendendo a garantir os dereitos que os artigos 87 e 88 da *Ley del Estatuto Básico del Empleado Público* recoñecen para o persoal docente e investigador que se atope nas situacións de servizos especiais ou de prestación de servizos noutras administracións públicas, en particular a canto se refire a velar para que non se produza menoscabo na súa carreira profesional nin nos dereitos a participar en convocatorias que a desenvolvan,

RESOLVE

Ordenar que todo o PDI da UDC nestas situacións que estea xa inscrito ou solicite a súa inscrición por primeira vez no catálogo de investigación sexa rexistrado de inmediato como membro de pleno dereito, coa categoría profesional e antigüidade que lle corresponda.

A Coruña, a 22 de xuño de 2018

O VICERREITOR DE POLÍTICA CIENTÍFICA, INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Salvador Naya Fernández